

Concello	Poboación ao 1-1-2004
Melón	1.552
Merca, A	2.341
Mezquita, A	1.406
Montederramo	1.130
Monterrei	3.187
Muíños	1.985
Nogueira de Ramuín	2.561
Oímbra	1.984
Paderne de Allariz	1.630
Padrenda	2.479
Parada de Sil	788
Peroxa, A	2.502
Petín	1.095
Piñor	1.505
Porqueira	1.130
Pobra de Trives, A	2.721
Pontedeuva	647
Punxín	945
Quintela de Leirado	831
Rairiz de Veiga	1.788
Ramirás	2.046
San Xoán de Río	864
Riós	2.097
Rubiá	1.685
San Amaro	1.371
San Cibrao das Viñas	3.867
San Cristovo de Cea	2.994
Sandiás	1.585
Sarreaus	1.800
Taboadela	1.691
Teixeira, A	547
Toén	2.573
Trasmiras	1.786
Veiga, A	1.318
Verea	1.398
Viana do Bolo	3.663
Vilamarín	2.301
Vilamartín de Valdeorras	2.472
Vilar de Barrio	1.914
Vilar de Santos	1.004
Vilardevós	2.633
Vilariño de Conso	749

Pontevedra

Concello	Poboación ao 1-1-2004
Arbo	4.018
Barro	3.380
Campo Lameiro	2.178
Catoira	3.510
Cerdedo	2.308
Cotobade	4.644
Covelo	3.730
Crecente	2.756
Dozón	2.030
Forcarei	4.616
Fornelos de Montes	2.092
Agolada	3.678
Lama, A	2.905
Mondariz-Balneario	704
Moraña	4.281
Neves, As	4.440
Oia	2.912
Pazos de Borbén	3.161
Portas	3.176
Ponteceures	3.028
Ribadumia	4.238
Rodeiro	3.553
Illa de Arousa, A	4.874

Orde do 16 de marzo de 2005 pola que se aproban as bases que rexerán as convocatorias de axudas para a contratación de doutores en organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia (programa Isidro Parga Pondal) e se procede á súa convocatoria.

A Lei 12/1993, de fomento de investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1º, establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 14 de marzo de 2002, aprobou o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005).

O plan está integrado por programas xerais, sectoriais e horizontais. Dentro dos programas horizontais figura o programa de recursos humanos que ten, entre outros obxectivos, o de incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+I tanto en número como en especialización nas áreas de maior interese, así como incrementar o número de doutores e tecnólogos incorporados ao sistema público de I+D.

O obxectivo do programa Isidro Parga Pondal é contribuír a superar o déficit de recursos humanos que ten o sistema de I+D en Galicia continuando a acción iniciada no ano 2003 de inserción nas universidades do sistema universitario de Galicia e en centros de investigación da comunidade autónoma de xoves doutores cunha formación investigadora acreditada en organismos científicos nacionais ou estranxeiros. Na súa virtude e consonte o previsto no convenio de colaboración suscrito pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio coas universidades do sistema universitario de Galicia, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Finalidade da convocatoria.

Esta convocatoria establece as bases que regulan en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, a concesión de axudas para a realización de 45 contratos laborais de duración determinada e destinados á incorporación de investigadores, que teñan acadado o título de doutor, ás universidades do sistema universitario de Galicia.

Artigo 2º.-Requisitos dos candidatos.

Os candidatos á obtención dalgún dos contratos obxecto desta convocatoria deberán acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española, ser nacional dun país membro da Unión Europea ou ser estranxeiro con permiso de residencia en España.

b) Estar en posesión do grao de doutor.

As titulacións obtidas no estranxeiro deberán estar homologadas polo Ministerio de Educación e Ciencia a excepción das obtidas en países membros da Unión Europea.

Admitiranse solicitudes de candidatos que teñan iniciado o trámite de homologación do título de doutor polo Ministerio de Educación e Ciencia, pero neste caso a selección do candidato, de producirse, quedará condicionada, para os efectos de obtención de prórroga, a que a dita homologación se conceda antes do 1 de outubro de 2007.

c) Ter realizado estadias en universidades ou en centros de investigación distintos a aquela universidade en que se expediu o seu título de doutor, durante un período mínimo de 6 meses despois de ter acadado o grao de doutor. No caso de OPI requirirase que a estadia se realizase nun centro distinto daquel en que se realizou a tese de doutoramento.

d) Non ter un contrato do programa Isidro Parga Pondal como consecuencia das convocatorias destas axudas correspondentes aos anos 2003 e 2004.

Artigo 3º.-Dotación, número e duración dos contratos.

A axuda máxima concedida para cada contrato laboral será de 26.075 euros por ano de contrato, incluíndo neste importe a retribución bruta anual do contrato e o pagamento de custos sociais.

O número máximo de contratos que poderán financiarse é de 45 que serán financiados con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.432B.442.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para os anos 2005, 2006 e 2007, de acordo coa seguinte distribución: 2005: 293.343,75 €, 2006: 1.173.375 €, e 2007: 880.031,25 €. A universidade correspondente será a encargada do pagamento dos correspondentes contratos laborais.

A duración dos contratos será de dous anos e poderán ser obxecto de prórroga trala publicación no DOG dunha convocatoria na que se recollan os requisitos e características desta.

A primeira anualidade dos contratos comezará a computarse na data que se indique na resolución desta convocatoria e non será anterior ao 1 de outubro de 2005.

Artigo 4º.-Formalización de solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes no modelo oficial RHU-10 do que a cara externa se publica como anexo I a esta orde, están ao dispor dos interesados nas dependencias da Dirección Xeral de I+ D e na internet nos enderezos: <http://www.dxid.org> ou <http://www.xunta.es/conselle/in>. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Dirección Xeral de I+ D ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou do documento equivalente no caso de ser nacional doutro país membro da Unión Europea ou da tarxeta de residente, no caso de nacionais doutros países.

b) Fotocopia compulsada do título de doutor ou doutro documento acreditativo de ter acadado o dito grao e a data da súa obtención. De ser o caso, fotocopia com-

pulsada da homologación polo Ministerio de Educación e Ciencia, ou da solicitude de homologación presentada ao dito ministerio.

c) Curriculum vitae do candidato segundo o modelo oficial acompañado dos documentos xustificativos correspondentes, así como de fotocopia compulsada dos documentos que acrediten a realización de estadias de posdoutoramento en universidades ou centros de investigación distintos a aquela universidade en que se expediu o seu título de doutor por un mínimo de 6 meses. Non serán obxecto de valoración aqueles méritos alegados que non sexan convenientemente acreditados.

d) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas, consonte o documento que se inclúe no modelo de solicitude.

Na instancia de solicitude o candidato indicará, por orde de prioridade descendente, o código das prazas ás que opta, entre aquelas que figuran no anexo II a esta orde, tendo en conta que como máximo poderá solicitar cinco prazas que non poderán corresponder a máis de dúas áreas temáticas ANEP. Para cada unha das prazas solicitadas o solicitante deberá argumentar a adecuación da súa formación ao perfil delas utilizando o impreso que para este fin se inclúe no modelo de solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días naturais que se contarán a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria no DOG.

Artigo 5º.-Tramitación.

Os servizos da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento comprobarán que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e pola súa parte a Comisión de Selección de Investigación da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, creada polo Decreto 37/1998, do 30 de xaneiro, analizará a xustificación de adecuación dos candidatos a cada unha das prazas solicitadas; como consecuencia elaborárase a lista de solicitudes admitidas e excluídas en que figurarán as prazas ás que se considera que pode concorrer cada solicitante e, de ser o caso, as causas de exclusión. A lista exporase nos taboleiros da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, e na internet nos enderezos <http://www.dxid.org> ou <http://www.xunta.es/conselle/in> desde o 24 de maio ao 4 de xuño de 2005 e os interesados poderán durante este prazo formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos, perante a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se corrixa as causas de exclusión, procederáse consonte o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

Artigo 6º.-Avaliación e selección das solicitudes.

A Comisión de Selección de Investigación agrupará as solicitudes recibidas para os efectos da súa avaliación por expertos externos en comités que abaranguerán unha ou mais áreas ANEP e distribuirá as 45 prazas convocadas entre os comités tendo en conta o número de

prazas ofertadas nas diferentes áreas ANEP que engloba cada comité e a demanda nas ditas áreas; a comisión poderá considerar tamén as áreas ANEP ás que foron adscritos os candidatos seleccionados nas anteriores convocatorias co fin de evitar unha excesiva acumulación de prazas en determinadas áreas.

A avaliación científico-técnica dos méritos dos candidatos será realizada por comités constituídos por expertos externos designados pola Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, de acordo cos seguintes criterios:

1. Contribución científico-técnica dos candidatos na súa área temática e área de coñecemento: ata 70 puntos. Valoraranse os seguintes aspectos: as publicacións científicas preferentemente recollidas no Science Citation Index (SCI), no Social Sciences Citation Index (SSCI) ou no Arts & Humanities Citation Index (AHCI); patentes rexistradas; artigos en congresos con avaliación estrita; proxectos técnicos, se é o caso; outras publicacións científicas; etc. Darase especial relevancia ás contribucións realizadas nos últimos cinco anos.

2. Outros aspectos: ata 10 puntos. Valoraranse outros méritos do candidato.

No caso de que un solicitante concorra por dúas áreas temáticas ANEP diferentes poderá ser avaliado por dous comités diferentes e polo tanto poderá obter diferentes puntuacións para cada área.

Realizada a avaliación, a selección dos candidatos será efectuada pola Comisión de Selección de Investigación, consonte o baremo seguinte:

1. Avaliación científico-técnica do candidato realizada polos expertos externos: ata 80 puntos.

2. Estadías en centros de investigación, perfil do candidato e a súa adecuación ás prioridades do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. Ata 20 puntos.

Artigo 7º.-Trámite de audiencia e proposta de resolución.

1. De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, e co obxecto de realizar o necesario trámite de audiencia e inmediatamente antes de elaborar a correspondente proposta de resolución definitiva, a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento publicará na súa páxina web (www.dxid.org) a relación de axudas propostas, concedendo a todos os solicitantes un prazo de dez días hábiles desde a data de publicación na web para que poidan formular as alegacións que estimen oportunas.

2. Os solicitantes, no caso de proposta estimatoria, manifestarán a súa aceptación ou desestímulo. De non contestar no dito prazo, entenderase que aceptan as condicións e termos da proposta de concesión.

3. Examinadas, se é o caso, as alegacións presentadas polos interesados, a Comisión de Selección de Investigación formulará a proposta de resolución definitiva que incluírá a relación de candidatos seleccionados e a lista de reserva.

Artigo 8º.-Resolución.

A Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento elevará a proposta de resolución formulada pola Comisión de Selección de Investigación ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio para que resolva. Esta resolución publicarase no DOG.

O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro da correspondente convocatoria será de 6 meses, contados desde a apertura do prazo de presentación de solicitudes. De non mediar resolución expresa no devandito prazo as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Contra as resolucións expresas ou presuntas que poñen fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da correspondente notificación no caso de resolucións expresas. No caso de que a resolución se entenda desestimatoria por silencio administrativo, o prazo será de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

De non estimar a presentación deste recurso poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte ao de recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 9º.-Formalización dos contratos.

Publicada a resolución no DOG as universidades galegas procederán a realizar os trámites necesarios para a contratación dos candidatos seleccionados para os seus organismos consonte o previsto no convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Innovación, Industria e Comercio e as universidades galegas.

Os pagamentos que se realizarán ás universidades do sistema universitario de Galicia por parte da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, axustaranse ao disposto no devandito convenio.

Artigo 10º.-Obrigas dos beneficiarios e seguimento.

10.1. Os contratos financiados con cargo a esta convocatoria serán incompatibles coa vixencia de calquera outro contrato laboral por parte do investigador contratado.

10.2. Os investigadores que sexan contratados ao abeiro do disposto nesta orde poderán, por petición propia, prestar colaboracións complementarias tales como tarefas docentes, neste último caso ata un máximo de cento vinte horas anuais, tras o acordo do departamento implicado, que documentará debidamente a dita colaboración para os efectos de concurso e respectando a normativa vixente de incompatibilidades.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2005.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
 INDUSTRIA E COMERCIO
 Dirección Xeral de Investigación
 e Desenvolvemento



GALICIA INNOVACIÓN

Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento
 e Innovación Tecnolóxica
 2002 - 2005

PROGRAMA DE RECURSOS HUMANOS

ANO 2004

MODELO RHU-10

PROCEDEMENTO CONTRATACIÓN DE DOUTORES EN ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (PROGRAMA ISIDRO PARGA PONDAL)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN840A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
DATA DE NACEMENTO	ENDEREZO HABITUAL (RÚA, NÚMERO, PISO)		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
UNIVERSIDADE NA QUE OBTIVO O TÍTULO DE DOUTOR DOUTOR EN _____ UNIVERSIDADE DE _____ PAÍS _____			DATA LECTURA DA TESE
INDIQUE ESTADÍAS DE POSDOUTORAMENTO QUE ACREDITAN O REQUISITO DO ARTIGO 2º.C) DAS BASES			
UNIVERSIDADE / CENTRO DE INVESTIGACIÓN			DURACIÓN (MESES)
_____			_____
_____			_____
_____			_____
TOTAL (MÍNIMO 6 MESES)			_____

INDICAR, POR ORDE DE PREFERENCIA, AS PRAZAS ÁS QUE OPTA (MÁXIMO CINCO PRAZAS QUE NON PODERÁN CORRESPONDER A MÁIS DE DÚAS ÁREAS TEMÁTICAS)

1	P-	2	P-	3	P-	4	P-	5	P-
---	----	---	----	---	----	---	----	---	----

OBSERVACIÓNS

XUNTAR A ESTE IMPRESO:

FOTOCOPIA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE OU TARXETA DE RESIDENTE.

FOTOCOPIA COMPULSADA DO TÍTULO DE DOUTOR.

ORIXINAL OU FOTOCOPIA COMPULSADA DOS DOCUMENTOS QUE ACREDITEN A REALIZACIÓN DAS ESTADÍAS.

DECLARACIÓN XURADA DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO FIN DE TODAS AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

CURRÍCULUM VITAE NORMALIZADO.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 16 de marzo de 2005 pola que se aproban as bases que rexerán as convocatorias de axudas para a contratación de doutores en organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia (programa Isidro Parga Pondal) e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

Director xeral de Investigación e Desenvolvemento

MODELO RHU-10-1-A

RAZOE A ADECUACIÓN DA SÚA FORMACIÓN Á PRAZA SOLICITADA EN PRIMEIRO LUGAR

PRAZA: P- _____

RAZOE A ADECUACIÓN DA SÚA FORMACIÓN Á PRAZA SOLICITADA EN SEGUNDO LUGAR

PRAZA: P- _____

RAZOE A ADECUACIÓN DA SÚA FORMACIÓN Á PRAZA SOLICITADA EN TERCEIRO LUGAR

PRAZA: P- _____

MODELO RHU-10-1-B

RAZOE A ADECUACIÓN DA SÚA FORMACIÓN Á PRAZA SOLICITADA EN CUARTO LUGAR

PRAZA: P- _____

RAZOE A ADECUACIÓN DA SÚA FORMACIÓN Á PRAZA SOLICITADA EN QUINTO LUGAR

PRAZA: P- _____

MODELO RHU-10-2

**DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
PARA A MESMA FINALIDADE**

Dnª. / D. _____ solicitante dunha praza na convocatoria de contratación de doutores en organismos públicos de investigación declara que nas datas que deseguido se relacionan presentou solicitude/s e foille/fóronlle concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin:

No caso de non ter realizado ningunha solicitude de axuda para o mesmo fin, marcarase o seguinte recadro e ASINARÁ ESTA PÁXINA o solicitante ou persoa que o represente.

- O/A ABAIXO ASINANTE NON TEN SOLICITADA NIN, EN CONSECUCIONA, CONCEDIDA AXUDA ALGUNHA PARA A MESMA FINALIDADE A QUE SE REFIRE ESTA SOLICITUDE, POR NINGUNHA DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.
- TER SOLICITADAS AS SEGUINTE AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATAS DE		CONTÍA MENSUAL (EUROS)
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	

⁽¹⁾ No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarse "PENDENTE" nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar "DENEADA"

_____, ____ de _____ de 200__

Asdo.: _____

ANEXO II

Solicitudes de prazas do programa Isidro Parga Pondal 2005

PRAZA	ORGANISMO	CENTRO DE TRABAJO	LOCALIDADE	ÁREA TEMÁTICA	ÁREA COÑECEMENTO	PERFIL
P-001	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS	A CORUÑA	AGRICULTURA	EDAFOLOXÍA E QUÍMICA AGRÍCOLA	CONSERVACIÓN DO SOLO, PROPIEDADES HÍDRICAS E ESTRUTURA
P-002	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS	A CORUÑA	AGRICULTURA	EDAFOLOXÍA E QUÍMICA AGRÍCOLA	CONSERVACIÓN DE SOLOS E AUGAS
P-003	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS	A CORUÑA	BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	BIOLOXÍA CELULAR	SISTEMA NERVIOSO CENTRAL DE PEIXES
P-004	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS	A CORUÑA	BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	XENÉTICA	XENÉTICA MOLECULAR DE POBOACIÓNS
P-005	UDC	DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA ANIMAL, BIOLOXÍA VEXETAL E ECOLOXÍA	A CORUÑA	BIOLOXÍA VEXETAL E ANIMAL, ECOLOXÍA	ZOOLOXÍA	BIOLOXÍA E PESQUEIRAS DE RECURSOS MARÍNS
P-006	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS	A CORUÑA	CIENCIAS DA TERRA	PALEONTOLOXÍA	PALEONTOLOXÍA DE DIATOMEAS
P-007	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS	A CORUÑA	CIENCIAS DA TERRA	PALEONTOLOXÍA	PALEONTOLOXÍA E TAXONOMÍA DE VERTEBRADOS CUATERNARIOS
P-008	UDC	INSTITUTO UNIVERSITARIO DE XEOLOXÍA	A CORUÑA	CIENCIAS DA TERRA	XEODINÁMICA EXTERNA	PALEXEOGRAFÍA COSTEIRA
P-009	UDC	FACULTADE DE DEREITO	A CORUÑA	DEREITO	DEREITO ADMINISTRATIVO	DEREITO AMBIENTAL EN AUGAS LITORAIS
P-010	UDC	FACULTADE DE DEREITO	A CORUÑA	DEREITO	DEREITO ECLESIASTICO DO ESTADO	MATRIMONIO E FAMILIA: ESTUDO XURÍDICO COMPARADO
P-011	UDC	DEPARTAMENTO DE DEREITO PÚBLICO	A CORUÑA	DEREITO	DEREITO PENAL	DEREITO PENAL DO CONSUMO
P-012	UDC	FACULTADE DE DEREITO	A CORUÑA	DEREITO	FILOSOFÍA DO DEREITO	DEREITOS FUNDAMENTAIS
P-013	UDC	ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIRAS DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS	A CORUÑA	ENXEÑARÍA CIVIL E ARQUITECTURA	ENXEÑARÍA DO TERREO	MODELOS NUMÉRICOS EN HIDROLOXÍA DO SUBSOLO
P-014	UDC	ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR/DEPARTAMENTO DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL II	FERROL	ENXEÑARÍA MECÁNICA, NAVAL E AERONÁUTICA	ENXEÑARÍA MECÁNICA	PROCESADO DE MATERIAIS CON LÁSER
P-015	UDC	FACULTADE DE FILOLOXÍA	A CORUÑA	FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	FILOLOXÍA INGLESA	HISTORIA LINGUA INGLESA OU LINGÜÍSTICA DE CORPUS
P-016	UDC	FACULTADE DE FILOLOXÍA	A CORUÑA	FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	FILOLOXÍA INGLESA	LITERATURA EN LINGUA INGLESA

PRAZA	ORGANISMO	CENTRO DE TRABAJO	LOCALIDADE	ÁREA TEMÁTICA	ÁREA COÑECEMENTO	PERFIL
P-017	UDC	FACULTADE DE FILOLOXÍA, DPTO. GALEGO PORTUGUÉS, FRANCÉS E LINGÜÍSTICA	A CORUÑA	FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	FILOLOXÍAS GALEGA E PORTUGUESA	LITERATURA E ECDÓTICA MEDIEVAL GALEGO-PORTUGUESA
P-018	UDC	FACULTADE DE FILOLOXÍA	A CORUÑA	FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	LINGÜÍSTICA XERAL	LEXICOGRAFÍA COMPUTACIONAL
P-019	UDC	DEPARTAMENTO DE HUMANIDADES	FERROL	FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	LÓXICA E FILOSOFÍA DA CIENCIA	FILOSOFÍA E METODOLOXÍA DA CIENCIA ECONÓMICA
P-020	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE	A CORUÑA	FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	FISIOLOXÍA	NEUROFISIOLOXÍA. REGISTROS EXTRACELULARES. IONTOFORESE
P-021	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE	A CORUÑA	FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	FISIOLOXÍA	ENDOCRINOLOXÍA: OBESIDADE E ENVELLECIMENTO
P-022	UDC	FACULTADE DE INFORMÁTICA	A CORUÑA	MATEMÁTICAS	ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	INFERENCIA ESTADÍSTICA
P-023	UDC	EDIFICIO UNIVERSITARIO DE OZA	A CORUÑA	MEDICINA	MEDICINA	ENFERMEDADES DEXENERATIVAS
P-024	UDC	CH UNIVERSITARIO JUAN CANALEJO	A CORUÑA	MEDICINA	MEDICINA	XENÓMICA: FARMACOXENÓMICA DAS ENFERMEDADES INFLAMATORIAS
P-025	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	A CORUÑA	PSICOLOXÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN	PSICOLOXÍA SOCIAL	PSICOLOXÍA SOCIAL DO DESENVOLVEMENTO MORAL E CONDUTA ANTISOCIAL
P-026	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	A CORUÑA	PSICOLOXÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN	PSICOLOXÍA SOCIAL	TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN PSICOSOCIAL
P-027	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS	A CORUÑA	QUÍMICA	QUÍMICA ANALÍTICA	METODOLOXÍAS DE ANÁLISE DE CONTAMINANTES
P-028	UDC	INSTITUTO UNIVERSITARIO DE MEDIO AMBIENTE	A CORUÑA	QUÍMICA	QUÍMICA ANALÍTICA	TRATAMENTO E ANÁLISE DE MATRICES AMBIENTAIS
P-029	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS, DPTO. QUÍMICA FUNDAMENTAL	A CORUÑA	QUÍMICA	QUÍMICA INORGÁNICA	QUÍMICA ORGANOMETÁLICA
P-030	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS	A CORUÑA	QUÍMICA	QUÍMICA ORGÁNICA	QUÍMICA DE PRODUTOS NATURAIS
P-031	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS, DPTO. DE QUÍMICA FUNDAMENTAL	A CORUÑA	QUÍMICA	QUÍMICA ORGÁNICA	SÍNTESE ORGÁNICA
P-032	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS, DPTO. DE QUÍMICA FUNDAMENTAL	A CORUÑA	QUÍMICA	QUÍMICA ORGÁNICA	QUÍMICA SUPRAMOLECULAR
P-033	UDC	FACULTADE DE CIENCIAS	A CORUÑA	TECNOLOXÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA	TRATAMENTO ANAEROBIO DE AUGAS RESIDUAIS, BRAÑAS.
P-034	UVI	FACULTADE DE BIOLOXÍA	VIGO	BIOLOXÍA VEXETAL E ANIMAL, ECOLOXÍA	BIOLOXÍA ANIMAL	-BIOLOXÍA DE FAUNA DO SOLO -ECOLOXÍA E ZOOLOXÍA BENTÓNICA
P-035	UVI	FACULTADE DE BIOLOXÍA	VIGO	BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	BIOLOXÍA CELULAR	NEUROBIOLOXÍA COMPARADA
P-036	UVI	FACULTADE DE BIOLOXÍA	VIGO	BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	MICROBIOLOXÍA	BIOTECNOLOXÍA MICROBIANA
P-037	UVI	FACULTADE DE BIOLOXÍA	VIGO	BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	XENÉTICA	XENÉTICA
P-038	UVI	FACULTADE DE BIOLOXÍA	VIGO	BIOLOXÍA VEXETAL E ANIMAL, ECOLOXÍA	BIOLOXÍA VEXETAL. CIENCIAS DO SOLO	-BIOXEQUÍMICA TERRESTRE -BIOTECNOLOXÍA EN ESPECIES LEÑOSAS DE INTERESE AGRARIO E FORESTAL
P-039	UVI	FACULTADE DE BIOLOXÍA	PONTEVEDRA	BIOLOXÍA VEXETAL E ANIMAL, ECOLOXÍA	ECOLOXÍA	-ECOLOXÍA -ECOLOXÍA EVOLUTIVA E DA CONSERVACIÓN DE INSECTOS E HERPETOS
P-040	UVI	FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR	VIGO	CIENCIAS DA TERRA	FÍSICA DA TERRA, ASTRONOMÍA E ASTROFÍSICA	OCEANOGRAFÍA FÍSICA
P-041	UVI	E.U.E.T. INDUSTRIAIS	VIGO	CIENCIAS DA TERRA	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAVIMÉTRICA	PROGRAMACIÓN E MÉTODOS NUMÉRICOS
P-042	UVI	FACULTADE DE CIENCIAS	OURENSE	CIENCIA E TECNOLOXÍA DE ALIMENTOS	TECNOLOXÍA DE ALIMENTOS	TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS
P-043	UVI	FACULTADE DE CIENCIAS	OURENSE	CIENCIA E TECNOLOXÍA DE ALIMENTOS	NUTRICIÓN E BROMATOLOXÍA	QUÍMICA DE ALIMENTOS
P-044	UVI	FACULTADE DE CC. SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN	PONTEVEDRA	CIENCIAS SOCIAIS	XORNALISMO	COMUNICACIÓN POLÍTICA E OPINIÓN PÚBLICA EN GALICIA
P-045	UVI	FACULTADE DE CC. XURÍDICAS E DO TRABALLO	VIGO	DEREITO	DEREITO MERCANTIL	DEREITO DA PUBLICIDADE, DA COMPETENCIA E PROPIEDADE INDUSTRIAL
P-046	UVI	FACULTADE DE DEREITO	OURENSE	DEREITO	DEREITO ECLESIASTICO DO ESTADO	DEREITO ECLESIASTICO DO ESTADO
P-047	UVI	FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAS	VIGO	ECONOMÍA	ECONOMÍA APLICADA	ECONOMÍA DOS RECURSOS NATURAIS E AMBIENTAIS
P-048	UVI	FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAS	VIGO	ECONOMÍA	ECONOMÍA APLICADA	ECONOMÍA APLICADA
P-049	UVI	E.T.S.E. INDUSTRIAIS	VIGO	ENXEÑARÍA ELÉCTRICA, ELECTRÓNICA E AUTOMÁTICA	TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA	TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA
P-050	UVI	E.T.S.E. INDUSTRIAIS	VIGO	ENXEÑARÍA MECÁNICA, NAVAL E AERONÁUTICA	EXPRESIÓN GRÁFICA DA ENXEÑARÍA	EXPRESIÓN GRÁFICA NA ENXEÑARÍA
P-051	UVI	FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN	VIGO	FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	LITERATURA ESPAÑOLA	EDICIÓN DE TEXTOS
P-052	UVI	FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN	VIGO	FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	LINGÜÍSTICA XERAL	SINTAXE E SEMÁNTICA OU LINGUAS SIGNADAS
P-053	UVI	FACULTADE DE CIENCIAS	OURENSE	FÍSICA E CIENCIAS DO ESPAZO	ÓPTICA	ÓPTICA
P-054	UVI	E.T.S.E. INDUSTRIAIS	VIGO	FÍSICA E CIENCIAS DO ESPAZO	FÍSICA APLICADA	-PROCESAMENTO DE CERÁMICAS E ROCAS NATURAIS MEDIANTE LÁSER -FÍSICA APLICADA
P-055	UVI	FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR	VIGO	FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	FISIOLOXÍA	FISIOLOXÍA
P-056	UVI	FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAS	VIGO	MATEMÁTICAS	ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA
P-057	UVI	E.T.S.E. TELECOMUNICACIÓN	VIGO	MEDICINA	MEDICINA PREVENTIVA E SAÚDE PÚBLICA	-MEDICINA PREVENTIVA E SAÚDE PÚBLICA -EPIDEMIOLOXÍA MOLECULAR DO CANCRO
P-058	UVI	FACULTADE DE CIENCIAS	OURENSE	MEDICINA	TOXICOLOXÍA E LEXISLACIÓN SANITARIA	TOXICOLOXÍA
P-059	UVI	COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO	VIGO	MEDICINA	MEDICINA	-ANATOMÍA PATOLÓXICA -NEUROCIENCIAS -PROTEÓMICA CLÍNICA
P-060	UVI	FACULTADE DE CIENCIAS	OURENSE	QUÍMICA	QUÍMICA ANALÍTICA	QUÍMICA ANALÍTICA
P-061	UVI	FACULTADE DE QUÍMICA	VIGO	QUÍMICA	QUÍMICA INORGÁNICA	-NANOPÁRTICULAS METÁLICAS -QUÍMICA INORGÁNICA
P-062	UVI	FACULTADE DE QUÍMICA	VIGO	QUÍMICA	QUÍMICA FÍSICA	-QUÍMICA COLOIDAL OU NANOTECNOLOXÍA -QUÍMICA CUÁNTICA

PRAZA	ORGANISMO	CENTRO DE TRABAJO	LOCALIDADE	ÁREA TEMÁTICA	ÁREA COÑECEMENTO	PERFIL
P-063	UVI	FACULTADE DE QUÍMICA	VIGO	QUÍMICA	QUÍMICA ORGÁNICA	QUÍMICA ORGÁNICA
P-064	UVI	FACULTADE DE QUÍMICA	VIGO	QUÍMICA	QUÍMICA INORGÁNICA	-QUÍMICA INORGÁNICA -QUÍMICA METALO-SUPRAMOLECULAR
P-065	UVI	E.T.S.E. TELECOMUNICACIÓN	VIGO	TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA E DAS COMUNICACIÓNS	ENXEÑARÍA TELEMÁTICA	INVESTIGACIÓN EN REDES ÓPTICAS
P-066	UVI	E.T.S.E. TELECOMUNICACIÓN	VIGO	TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA E DAS COMUNICACIÓNS	TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS	PROCESADO DE SINAL EN COMUNICACIÓNS
P-067	UVI	FACULTADE DE QUÍMICA	VIGO	TECNOLOXÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA
P-068	UVI	E.T.S.E. INDUSTRIAIS	VIGO	TECNOLOXÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA	-SEPARACIÓN DE GASES -DESENVOLVEMENTO DE BIOPROCESOS
P-069	UVI	FACULTADE DE CIENCIAS	OURENSE	TECNOLOXÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA
P-070	USC	DPTO. ENXEÑARÍA QUÍMICA/FAC. ENXEÑARÍA QUÍMICA	SANTIAGO DE C.	TECNOLOXÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA: FERMENTACIÓN BIOQUÍMICA
P-071	USC	DPTO. ENXEÑARÍA AGROFORESTAL/IBADER	LUGO	AGRICULTURA	ENXEÑARÍA AGROFORESTAL	-ENXEÑARÍA AGROFORESTAL: CIENCIA FORESTAL E AMBIENTAL -EDAFOLOXÍA: SOLOS FORESTAIS
P-072	USC	INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS TECNOLÓXICAS	SANTIAGO DE C.	CIENCIAS DA COMPUTACIÓN E TECNOLOXÍA INFORMÁTICA	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMÁTICOS	-INFRAESTRUTURA DE DATOS ESPACIAIS -REALIDADE VIRTUAL -CÁLCULO COMPUTACIONAL
P-073	USC	DPTO. ENXEÑARÍA QUÍMICA/ETS. ENXEÑARÍA QUÍMICA	SANTIAGO DE C.	TECNOLOXÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA OU QUÍMICA INDUSTRIAL: RISCOS AMBIENTAIS
P-074	USC	IDEGA	SANTIAGO DE C.	CIENCIAS SOCIAIS	ANÁLISE XEOGRÁFICO REXIONAL	DIAGNOSE E PLANIFICACIÓN TERRITORIAL, URBANÍSTICA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
P-075	USC	DPTO. TEORÍA E HISTORIA DA EDUCACIÓN/FAC. CC. EDUCACIÓN	SANTIAGO DE C.	PSICOLOXÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN	TEORÍA E HISTORIA DA EDUCACIÓN	PEDAGOXÍA SOCIAL
P-076	USC	DPTO. TEORÍA E HISTORIA DA EDUCACIÓN/FAC. CC. EDUCACIÓN	SANTIAGO DE C.	PSICOLOXÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN	TEORÍA E HISTORIA DA EDUCACIÓN	PEDAGOXÍA INTERCULTURAL E INTEGRACIÓN SOCIOEDUCATIVA
P-077	USC	INSTITUTO DE DEREITO INDUSTRIAL/FAC. DE DEREITO	SANTIAGO DE C.	DEREITO	DEREITO MERCANTIL	PROPIEDADE INDUSTRIAL: PATENTES, DESEÑO E MARCAS. COMPETENCIA DESLEAL
P-078	USC	DPTO. DEREITO PÚBLICO E TEORÍA DO ESTADO/FAC. DE DEREITO	SANTIAGO DE C.	DEREITO	DEREITO ADMINISTRATIVO	DEREITO LOCAL
P-079	USC	INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL. NODO DE XENOTIPADO	SANTIAGO DE C.	MEDICINA	MEDICINA LEGAL E FORENSE	XENÉTICA APLICADA Á MEDICINA. FARMACOXENÉTICA. XENÉTICA DE POBOACIÓNS
P-080	USC	DPTO. FARMACOLOXÍA/FAC. VETERINARIA	LUGO	FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	FARMACOLOXÍA	COÑECEMENTO DE TÉCNICAS DE SINAIS DE TRANSDUCIÓN EN MODELOS CELULARES
P-081	USC	DPTO. FARMACOLOXÍA/FAC. FARMACIA	SANTIAGO DE C.	FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	FARMACOLOXÍA	FARMACOLOXÍA MOLECULAR
P-082	USC	DPTO. FARMACIA E TECNOLOXÍA FARMACÉUTICA/FAC. FARMACIA	SANTIAGO DE C.	FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	FARMACIA E TECNOLOXÍA FARMACÉUTICA	NANOTECNOLOXÍAS E/OU DRUG DELIVERY
P-083	USC	DPTO. MEDICINA/FAC. MEDICINA	SANTIAGO DE C.	MEDICINA	MEDICINA	INVESTIGACIÓN BIOQUÍMICA E CELULAR EN SISTEMAS CARDIVASCULAR E/OU ENDOCRINO
P-084	USC	DPTO. FISIOLOXÍA/FAC. MEDICINA	SANTIAGO DE C.	MEDICINA	MEDICINA	ONCOLOXÍA MOLECULAR
P-085	USC	INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS TECNOLÓXICAS	SANTIAGO DE C.	HISTORIA E ARTE	ARQUEOLOXÍA	ARQUEOLOXÍA DA PAISAXE E FORMAS CULTURAIS
P-086	USC	DPTO. FILOLOXÍA GALEGA/FAC. FILOLOXÍA	SANTIAGO DE C.	FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	FILOLOXÍA ROMÁNICA	LITERATURA ROMÁNICA MEDIEVAL
P-087	USC	DPTO. LITERATURA ESPAÑOLA, TEORÍA DA LITERATURA E LINGÜÍSTICA XERAL/FAC. FILOLOXÍA	SANTIAGO DE C.	FILOLOXÍA E FILOSOFÍA	LINGÜÍSTICA XERAL/LITERATURA ESPAÑOLA	ANÁLISE CRÍTICA DE MARCOS LINGÜÍSTICO-COMUNICATIVOS DIVERSOS
P-088	USC	DPTO. FÍSICA DE PARTÍCULAS/FAC. DE FÍSICA	SANTIAGO DE C.	FÍSICA E CIENCIAS DO ESPAZO	FÍSICA ATÓMICA, MOLECULAR E NUCLEAR	FÍSICA NUCLEAR EXPERIMENTAL
P-089	USC	IGFAE-FAC. DE FÍSICA	SANTIAGO DE C.	FÍSICA E CIENCIAS DO ESPAZO	FÍSICA TEÓRICA	TEORÍA DE FÍSICA DE PARTÍCULAS E RAIOS CÓSMICOS A ALTAS ENERXÍAS
P-090	USC	DPTO. FÍSICA DA MATERIA CONDENSADA/FAC. DE FÍSICA	SANTIAGO DE C.	FÍSICA E CIENCIAS DO ESPAZO	FÍSICA DA MATERIA CONDENSADA	FORMACIÓN DE ESTRUTURAS EN MEDIOS NON LINEAIS
P-091	USC	DPTO. QUÍMICA INORGÁNICA/FAC. QUÍMICA	SANTIAGO DE C.	CIENCIA E TECNOLOXÍA DE MATERIAIS	CRISTALOGRAFÍA E MINERALOXÍA	CRISTALOGRAFÍA DE RAIOS X. ANÁLISE ESTRUCTURAL DE SISTEMAS MONOCRISTALINOS
P-092	USC	DPTO. QUÍMICA ORGÁNICA (FAC. DE QUÍMICA) /RIADT/ INSTITUTO DE FARMACIA INDUSTRIAL	SANTIAGO DE C.	QUÍMICA	QUÍMICA ORGÁNICA	-SÍNTESE ORGÁNICA E INORGÁNICA EN CATALÍSE -ESPECTROSCOPIA DE RMN, QUÍMICA COMPUTACIONAL -QUÍMICA COMBINATORIA
P-093	USC	DPTO. QUÍMICA ANALÍTICA, NUTRICIÓN E BROMATOLOXÍA	LUGO	CIENCIA E TECNOLOXÍA DE ALIMENTOS	NUTRICIÓN E BROMATOLOXÍA	AUTENTICIDADE E SEGURIDADE ALIMENTARIA
P-094	USC	DPTO. ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA/FAC. DE MATEMÁTICAS	SANTIAGO DE C.	MATEMÁTICAS	ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	BIOESTATÍSTICA OU XEOESTATÍSTICA
P-095	USC	DPTO. FÍSICA APLICADA/FAC. FÍSICA	SANTIAGO DE C.	CIENCIA E TECNOLOXÍA DE MATERIAIS	CIENCIA DE MATERIAIS	MATERIAIS MAGNÉTICOS E DIELECTRICOS NANOESTRUTURADOS
P-096	USC	DPTO. XENÉTICA/FAC. VETERINARIA	LUGO	BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	XENÉTICA	XENÉTICA DE PEIXES
P-097	USC	DPTO. QUÍMICA ANALÍTICA, NUTRICIÓN E BROMATOLOXÍA/FAC. DE FARMACIA	SANTIAGO DE C.	CIENCIA E TECNOLOXÍA DE ALIMENTOS	NUTRICIÓN E BROMATOLOXÍA	BROMATOLOXÍA
P-098	USC	DPTO. FISIOLOXÍA/FAC. MEDICINA	SANTIAGO DE C.	FISIOLOXÍA E FARMACOLOXÍA	FISIOLOXÍA	REGULACIÓN DO PESO CORPORAL
P-099	USC	DPTO. FÍSICA DA MATERIA CONDENSADA/FAC. DE FÍSICA	SANTIAGO DE C.	CIENCIA E TECNOLOXÍA DE MATERIAIS	CIENCIA DE MATERIAIS E ENXEÑARÍA METALÚRXICA	SUPERCONDUCCIÓN
P-100	USC	DPTO. BIOLOXÍA CELULAR E ECOLOXÍA/FAC. BIOLOXÍA	SANTIAGO DE C.	BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	BIOLOXÍA CELULAR	BIOLOXÍA DA ORGANIZACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA NERVIOSO
P-101	USC	INSTITUTO DE ACUICULTURA	SANTIAGO DE C.	GANDERÍA E PESCA	SANIDADE ANIMAL	TECNOLOXÍA FARMACÉUTICA EN ZOONOSES PARASITARIAS
P-102	USC	IIAA/DPTO. MICROBIOLOXÍA/FAC. FARMACIA	SANTIAGO DE C.	BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	MICROBIOLOXÍA	-SEGURIDADE ALIMENTARIA. RISCOS MICROBIOLÓXICOS. XEMOTOXICIDADE, CLONACIÓN E EXPRESIÓN DE XENS DE PROTEASAS
P-103	USC	INSTITUTO DE ACUICULTURA	SANTIAGO DE C.	GANDARÍA E PESCA	SANIDADE ANIMAL	-CARACTERIZACIÓN MOLECULAR EN ICTIOPATOLOXÍA -DIAGNÓSTICO, CONTROL E ANÁLISE EPIDEMIOLOXICA EN ACUICULTURA
P-104	USC	UNIDADE DE ESPECTROMETRÍA DE MASAS SECCIÓN PROTÉMICA	SANTIAGO DE C.	BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA	BIOQUÍMICA E BIOLOXÍA MOLECULAR	PROTEÓMICA
P-105	USC	UNIDADE DE INVESTIGACIÓN CHUS	SANTIAGO DE C.	MEDICINA	MEDICINA PREVENTIVA E SAÚDE PÚBLICA	INVESTIGACIÓN EN SAÚDE PÚBLICA E SERVIZOS DE SAÚDE. EPIDEMIOLOXÍA

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Decreto 50/2005, do 10 de marzo, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de acondicionamento da estrada provincial 3802 de Ordes a Ponte Carreira, punto quilométrico 0,00 ao punto quilométrico 0,71 (termo municipal de Ordes).

A Deputación Provincial da Coruña, en sesión que tivo lugar o día trinta de xullo de dous mil catro, aprobou o proxecto de acondicionamento da estrada provincial 3802 de Ordes a Ponte Carreira, punto quilométrico 0,00 ao punto quilométrico 0,71, e na sesión do vinte e cinco de novembro de dous mil catro acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Que o dito expediente tivo entrada na Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e, solicitado informe á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, este foi emitido favorablemente.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que, segundo sinala a deputación, a actuación é necesaria para evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana, debido á existencia de curvas perigosas con pequeno raio, edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme e o largo da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de marzo de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial da Coruña para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de acondicionamento da estrada provincial 3802 de Ordes a Ponte

Carreira, punto quilométrico 0,00 ao punto quilométrico 0,71 debendo, de ser o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que fosen necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, dez de marzo de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

Decreto 51/2005, do 10 de marzo, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización da obra número 88 P.O.S. 2004 Alfoz-Foz. Variante da estrada provincial de San Acisclo por Allegue a San Antonio, punto quilométrico 0,000 ao 0,640 (termos municipais de Foz e Alfoz).

A Deputación Provincial de Lugo en sesión que tivo lugar o día dezaseis de xullo de dous mil catro, aprobou o proxecto da obra nº 88 P.O.S. 2004 Alfoz-Foz. Variante da estrada provincial de San Acisclo por Allegue a San Antonio, punto quilométrico 0,000 ao 0,640 e, na sesión do vinte e nove de novembro de dous mil catro, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Que o dito expediente tivo entrada na Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e, solicitado informe á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, este foi emitido favorablemente.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que segundo sinala a deputación, a actuación consiste na mellora dunha estrada cunha perigosidade moi elevada debido a súa configuración, polo que se acadaría unha maior seguridade e se reduciría o risco de accidentes de tráfico.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.